

2014
Fevereiro
Marzo
Abril
Maio

Concello de OURENSE
cultura

Auditorio Municipal
de Ourense

PROGRAMA INFANTIL

AUDITORIO MUNICIPAL DE OURENSE

TEATRO
Panamesiana Teatro

Oh, que bonito é Panamá! 45min

Relátase a apracible vida de Oso Pequeno e Tigre Pequeno na súa cabana do bosque, cerca do río. A Oso correspóndelle a tarefa de levar o xantar á casa, por iso cada mañá baixa ao río pescar; a Tigre correspóndelle manter o fogar limpo e agradable... e de vez en cando tócalle cocinar. Os días sucédense de xeito tranquilo até a xornada na que Oso pesca unha caixa de madeira que leva escrita a palabra 'Panamá' e que ademais desprende un delicioso aroma a plátanos. Este descubrimento excita moísimos a Oso, que corre a amosarlle o achado a Tigre e a explicarlle, durante horas, que Panamá está todo cheo de plátanos de arriba a abaixo e que deberían ir ata Panamá.

3 € A partir de 3 anos
12:00 h na Sala Azul do Auditorio

Entradas: www.servinova.com e dúas horas antes na billeteira do Auditorio

TEATRO
Glu Glup Teatro

Catalina nun lugar da Mancha 40min

Teatro participativo, monicreques, animación á lectura e moita diversión! A Pinocho non lle medra o nariz e pode contar cantas trolas queira; Brancaneves non atopa a súa mazá; as casas dos Tres Porquiños desaparecen constantemente e o lobo anda sufocado. No mundo de ficción reina un auténtico caos.

Todo comeza cando Sancho Panza lle pide axuda a Catalina para salvar a Don Quixote da súa loucura. Ela comparte con Don Quixote a fórmula máxica que lle permite saltar de conto en conto, mais o plan resulta un desastre. Só coa axuda dos nenos e nenas Catalina será quen de poñer orde neste enredo.

3 € A partir de 5 anos
12:00 h na Sala Azul do Auditorio

Entradas: www.servinova.com e dúas horas antes na billeteira do Auditorio

TEATRO
A Nena e o Crilo

Gatuxo 30min

GATUXO é un espectáculo músico-teatral para bebés e familias, no que a parte musical, da man de Magín Blanco, Jorge Juncal e María Faltri se completa coa dramatización das cancións por parte de Raquel Queizás, a través do teatro, a manipulación de obxectos, o clown, o claqué... e todo isto saíndo de dentro dunha caixa.... Agardamos con esta compilación de experiencias ofrecer unha ferramenta para as nais e pais en proceso de crianza, que relaxe, divirta e arrole. Durante o espectáculo o bebé vai crecendo como artista para descubrir o mundo... son músicos na cocíña, pintoras de garabatos, son bailaríns, tamén titiriteiras; dándolle vida a todo obxecto co que brincan, e por suposto moi teatreiros. Son a semente da ARTE con maíusculas...

3 € De 0 a 3 anos
As 12:00 h, 17:00 h e ás 18:00 h
Sala Principal do Auditorio

Entradas: www.servinova.com e dúas horas antes na billeteira do Auditorio

TEATRO
Elefante Elegante

Aurora 50min

Esta creación mestura teatro de actor e vídeocreación co desexo de profundar na experimentación do Elefante Elegante ao redor das linguaxes visuais.

É a historia do encontro dun aviador coa raíña das curuxas, que coma todas as curuxas, lle gusta máis a noite que o día. Cando escurece, séntese mellor que nunca. Voa de un lado para o outro, axita as ás e asubía como o vento. Pero ao amencer, enchesse de tristura. O sol queima a súa pele e cega os seus ollos. O Aviador vai tentalo todo para axudar á Curuxa, pero será posible vivir nun mundo sen sol?

3 € A partir de 3 anos
12:00 h na Sala Principal do Auditorio

Entradas: www.servinova.com e dúas horas antes na billeteira do Auditorio

TEATRO
Talía Teatro

Sopa de Sapo 50min

A avoa e a mamá están preparando a cea, e que cocinarán?, preguntase a pequena bruxa. Achégase ao caldeiro e berra:

- Noonon!! Outra vez sopa de sapo!!! Todos os días sopa de sapo!!

- Ben sabes pequena, di a avoa, que para ser unha boa bruxa ... ou sexa unha bruxa como ten que ser... ou sexa unha bruxa pérfida e malvada, non hai nada como comer a diario sopa de sapo.

3 € A partir de 6 anos
12:00 h na Sala Principal do Auditorio

Entradas: www.servinova.com e dúas horas antes na billeteira do Auditorio

MAXIA
Barafunda

Maxia Branca 70min

Maxia Branca (maxia clown). Un espectáculo divertidísimo para toda a familia. O mago Xabi, o pallaso Lolo e a gran estrela do espectáculo Blanca Houdini, a coelliña branca, farán as delicias dos máis pequenos e sorprenderán os máis grandes.

Lolo quere aprender a ser mago, e Xabi tentará ensinalle o máis básico, sempre desde unha perspectiva cómica e interactiva onde o público se sinta integrante do espectáculo. Unha posta en escena onde a ilusión da maxia se mestura nun cóctel de risas e gargalladas.

3 € A partir de 6 anos
12:00 h na Sala Azul do Auditorio

Entradas: www.servinova.com e dúas horas antes na billeteira do Auditorio

DANZA
Aracaladanza

Constelaciones 50min

Este soño está inspirado no Mestre da cor, Joan Miró, coa súa ollada limpa e transparente e o seu artesanal xeito de crear, logrou atravesar formas e movementos para crear unha linguaxe propia cargada de luz.

A compañía traballou con algunhas das cores e das formas utilizadas por Miró e deulles movemento no escenario.

8 € Familiar
19:00 h na Sala Principal do Auditorio

Entradas: www.servinova.com e dúas horas antes na billeteira do Auditorio

MUSICAL
Campanilla

Campanilla 90min

Un espectáculo de Teatro musical que combina catro cantantes de primeira fila en directo, con música orixinal, acrobacias e voos con telas. Unha aventura marabillosa e irrepitible que nos fará comprender que hai momentos que non teñen prezo cando se viven e quedan na memoria familiar.

Tres fadas Campanilla, Serena e Cristal están na escola de Fadas aprendendo todas as cousas que teñen que saber as Fadas no Bosque das Tres Verdades.

12 € Familiar
17:30 h na Sala Principal do Auditorio

Entradas: www.servinova.com e dúas horas antes na billeteira do Auditorio

TEATRO
Baobad Teatro

Bailando con Contos 45min

Bailando con contos é un espectáculo de teatro e contos dinámico e divertido. Algunha vez vimos un conto bailar? Seguro que si. Por que os contos bailan?, porque queren xogar. Cando bailan? Iso témolo que adiviñar... Abribe os contos e escoitae, só temos que estar atentos para saber cando queren bailar. Andrea chega coa súa maleta descubriuna a desvelarnos un segredo, os seus contos bailan descubriuno un día por casualidade e agora non deixan de bailar pero para iso precisan escoitar música e contos.

3 € A partir de 4 anos
19:00 h na Sala Azul do Auditorio

Entradas: www.servinova.com e dúas horas antes na billeteira do Auditorio

NOVO CIRCO
Cair

Cair 60min

CAIR é un espectáculo de circo e acrobacias onde accións sinxelas e cotiás derivan en coreografías acrobáticas, excéntricas, con continuos golpes e caídas caóticas e malabar. Catro personaxes aparecen en escena, non falan, están á espera, sorpréndense cando se ven, pero coñécense de toda a vida. Imitanse, xogan, divírtense todos a unha. Un espectáculo construído, cunha dramaturxia non unha. Cada espectador, vivirá, interpretará e rirá dunha forma persoal e diferente.

3 € Todos os públicos
12:00 h na Sala Principal do Auditorio

Entradas: www.servinova.com e dúas horas antes na billeteira do Auditorio

TEATRO / MONICREQUES
O Retrete de Dorian Gray S.C.

Cabaret de Mans 50min

O retrete de Dorian Gray mestura recompila neste espectáculo varios dos seus números curtos. Sete anos de manipulación máxica, de globos, de virtuosismo coas súas mans. Unha delicatessen para os sentidos...

3 € Todos os públicos
12:00 h na Sala Azul do Auditorio

Entradas: www.servinova.com e dúas horas antes na billeteira do Auditorio



AUDITORIO DE OURENSE

Rúa Canle 2 (esquina R/Emilia Pardo Bazán)

988 391 290 • www.ourensecultura.com

Organiza: Concellaría de Cultura

3
xaneiro

Os Bolechas cantan con Lady Vina 70min

Un trepidante e dinámico espectáculo que xira en torno ao universo dos irmáns Bolechas e a súa inseparable mascota Chispa, e no que se mesturan aventuras e cancións orixinais de Os Bolechas a través dos personaxes (muppets) da serie da TVG. Fúndense monicreques e teatro convencional, para crear un orixinal espectáculo, no que se interactúa constantemente co público e con composicións musicais de artistas como: Alex Casanova, The Homens, Novedades Carminha, SES, Eladio y los seres queridos, Ataques Escampe, Sonoro Maxín, Transilvanias, Aid e Pandeiramus.

12 € De 2 a 10 anos
18:30 h na Sala Principal do Auditorio

Entradas: www.servinova.com e dúas horas antes na billeteira do Auditorio

ÓPERA FAMILIAR
Rababiero Promociones

Caperucita Roja 60min

Un dos contos máis populares adaptados nesta ocasión para ópera familiar.

Nesta cuidada produción amósase o traballo musical levado a cabo minuciosamente por un compositor uruguaio, Carlos Azanrez pola dirección e adaptación de Miguel Ribagorda, co texto orixinal da "Carapuchiña Vermella" de Charles Perrault.

10 € A partir de 4 anos
18:00 h na Sala Principal do Auditorio

Entradas: www.servinova.com e dúas horas antes na billeteira do Auditorio

19
xaneiro



INFANTIL
Matreska Teatro

O Guiso 50min

O Señor que escribe as obras fixo que Leticia e Papabola viviran nunha cocíña dentro do escenario dun teatro. Leticia ten unha mascota moi feitiña que se chama Octavio e un vello oso de peluche que se chama Oso. Papabola é un larpeiro e o que lle gusta é comer. Sobre todo carne de coello, que é moi rica e está chea de vitaminas. Ten un monte de aparellos de cocíña, un gorro, un mandil e un libro de receitas.

E como Octavio é un coello, Papabola ten un plan: metelo na pata, guísalo e papalo todo! ... Con chícharos e patacas novas! ... Que paparota!

3 € A partir de 3 anos
12:00 h na Sala Principal do Auditorio

Entradas: www.servinova.com e dúas horas antes na billeteira do Auditorio

INFANTIL
Titirigüiri Teatro de Títeres

El viaje de Martín 45min


A viaxe de Martín é unha historia dun porquiño que loita contra o que un día lle dixeron que tiña que ser o seu destino. É a historia de superación de Martín, o noso protagonista, afrontando os seus propios medos e emprendendo unha viaxe na busca do que máis lle gusta...un bo lameiro.

Marionetas, teatro e debuxos animados nunha viaxe audiovisual.

3 € Día 26 todos os públicos ás 12:00 h
Día 27 escolares ás 9.30 h e 11.30 h
Sala Principal do Auditorio

Entradas: www.servinova.com e dúas horas antes na billeteira do Auditorio

26 e 27
xaneiro



2
febreiro



INFANTIL
Pinga Teatro

Croac 55min

Hai algún tempo nun estanque galego vivían felices moitos animais e tamén unha ra chamada Margarita moi pouco respectuosa co medio onde vivía e co seus compañeiros e veciños, un día sucedeu algo...

3 € A partir de 4 anos
12:00 h na Sala Principal do Auditorio

Entradas: www.servinova.com e dúas horas antes na billeteira do Auditorio

INFANTIL
Títeres Cachirulo

A Figueira do Demo 55min

Un espectáculo baseado en personaxes da obra dramática de Roberto Vidal Bolaño. As personaxes das obras vense mesturadas nunha toleira escénica que tenta revivir o que foron as primeiras pezas de teatro profesional de monicreques de Galicia que contribuíron de xeito esencial ao desenvolvemento do Teatro de Monecos no noso país ... Fantoques de gran tamaño, feitos en madeira evocando as imaxes do románico mesturadas con fortes expresións e unha evocación ao mundo da infancia serán as encargadas de contar esta historia cun soporte musical en directo que vai creando clima e canción nos distintos cadros da peza.

3 € A partir de 6 anos
12:00 h na Sala Principal do Auditorio

Entradas: www.servinova.com e dúas horas antes na billeteira do Auditorio

9
febreiro



INFANTIL
Chazafelhos

3, 2, 1 50min

Teatro Chazafelhos presenta un espectáculo de teatro xestual, acompañado da manipulación de marionetas. Un astronauta chega a un planeta descoñecido. Alí atopase cunha extraterrestre que tamén chegou de exploración. Logo do estraño encontro os dous cosmonautas comezan a convivir descubriendo sentimentos que xamais sospeitarían ter.

...3,2,1... É unha obra chea de humor e tenura que nos chegará ao corazón.

3 € A partir de 5 anos
12:00 h na Sala Principal do Auditorio

Entradas: www.servinova.com e dúas horas antes na billeteira do Auditorio

16
febreiro



INFANTIL
Arena en los Bolsillos

Afuera es un Lugar 30min

Todo o que se coñecía do mundo eran aquelas catro paredes e unha pequena fiestra... como é o vento?, como pincha unha barba? A que soa o silencio? E un can? Mamá, que é fóra? Fóra, fillo, fóra é un lugar.

A pequena fiestra resultou ser unha gran porta ao mundo. Tras o primeiro paso, a curiosidade fíxose dona dos seus pés, e a propia senda foi a súa mellor compañía.

Nun empuxe vital incontrolable, descubriu o tacto da herba nas súas pegadas, os raios do sol quentaban a súa pel, os ollos enchéronse cun ceo do máis azul dos azuis, pensou que todo aquilo era só para el e quixo ver máis.

A vida agardáballe fóra, e non está ben chegar tarde....

3 € De 1 a 4 anos
12:00 h e 17:00 h na Sala Principal do Auditorio

Entradas: www.servinova.com e dúas horas antes na billeteira do Auditorio

23
febreiro



2
marzo



TEATRO
Berrobambán

O Refugallo 60min

A obra propón unha reflexión sobre o ritmo actual da vida que obriga a consumir inmediatamente algo novo para despois tiralo e volver mercar ata o punto de que mesmo hai persoas que son tratadas tamén como refugallo. Paula Carballeira é a autora deste texto que conseguiu o VI Premio Manuel María de literatura dramática infantil.

5 € A partir de 6 anos
12:00 h na Sala Principal do Auditorio

Entradas: www.servinova.com e dúas horas antes na billeteira do Auditorio

MUSICAL
Guti Producciones S.L.

Blancanieves 85min

Unha nova versión do conto dos irmáns Grimm ambientado en 1950. Unha renovada visión, pensada para gozar en familia, con todos os compoñentes que poderíamos agardar dun musical con "Grandes letras". Unha historia apaixonante e máxica, que se mestura para dar á luz unha enrevesada trama que recorda os momentos máis gloriosos dos fantásticos contos de toda a vida.

12 € Todos os públicos
17:30 h na Sala Principal do Auditorio

Entradas: www.servinova.com e dúas horas antes na billeteira do Auditorio

8
marzo



9
marzo



TEATRO
Casahamlet

Ratiña Linda 45min

Ratiña Linda, de Casa Hamlet, é unha versión teatral de Manuel Lourenzo, con variados números musicais, do conto de Bernardino Graña, "Rata linda de Compostela" (1994), baseado á súa vez no conto popular da ratiña presumida.

3 € A partir de 3 anos
12:00 h na Sala Principal do Auditorio

Entradas: www.servinova.com e dúas horas antes na billeteira do Auditorio

TEATRO / MONICREQUES
Expresións Producións

Contos para Todos 55min

Espectáculo de monicreques, contacontos, maxia, animación, Clown e música en directo.

Esta historia comeza cun libro máxico e xigante do que saen personaxes fantásticas que traerán historias para contar, cantar e sorprender.

Contaremos todos xuntos e faremos maxia. Espectáculo educativo con grandes doses de humor e diversión.

3 € A partir de 3 anos
12:00 h na Sala Azul do Auditorio

Entradas: www.servinova.com e dúas horas antes na billeteira do Auditorio

16
marzo



AGADIC
Asociación Galega de
Industria e Artesanía

Concello de
OURENSE
cultura

REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS

AUDITORIO
MUNICIPAL
DE OURENSE